

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 29 de abril de 2016

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D. Jaime Aneiros Pereira.

Invitados

D. Javier Pardo Espiñeira
D. José Manuel Fernández Pérez
D^a. M^a Jesús Lago Rey
D^a. Ana Laura Iglesias González
D. Santos Hector Rodríguez Díaz
D^a. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vinte e nove de abril de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(376).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 15 de abril de 2016. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(377).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA O MANTEMENTO E ASISTENCIA DO APLICATIVO QUE DA SOPORTE Á XESTIÓN DO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES. EXPTE. 7695/113.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 14/04/16 e o informe de fiscalización do 22/04/16, dáse conta do informe-proposta do 21/04/16, do xefe do servizo de Admon. Electrónica, conformado pola xefa do servizo de Estatística, polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“NORMATIVA DE APLICACIÓN

Lei 3/2011, de 14 de Novembro Texto Refundido da Lei contratos do Sector Público. (TRLCSP)

Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia

Os servizos que abarcan mantemento e actualización das versións dos programas comercialízanse baixo o modelo de pago previo, garantindo este pago a prestación do subministro das versións e parches do programa por un período de tempo que abarque as modificacións ou versión que fosen liberadas polo fabricante durante o exercicio en vigor.

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante Resolución de 25/01/2016 o Concelleiro Delegado de Administración Electrónica acordou iniciar o procedemento de contratación do servizo para o mantemento de aplicacións informáticas externas (Estatística)

Segundo.- No expediente tramitado ó efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade da contratación do xefe de Administración Electrónica de 25/01/2016*
- Resolución do Concelleiro delegado de Administración Electrónica de 25/01/2016 pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.*
- Prego de prescricións técnicas redactado polo xefe de Administración Electrónica de data 03/03/2016 .*
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento negociado sen publicidade de data 13/04/2016 .*
- Informes favorables ó expediente de contratación do Xefa Servizo Recursos e Asesoramento-Asesoría Xurídica da Asesoría Xurídica de 17/03/2016, 30/03/2016 e de 14/04/2016.*

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación de acordo co disposto no art 93-1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación, no concello de Vigo esta competencia está delegada por Decretos de Delegación de Alcaldía de data 19/06/2015 e modificación da resolución de delegacións de alcaldía de data 15 de xaneiro de 2016 . O Concelleiro Delegado de Administración Electrónica en resolución de 25/01/2016 autorizou o inicio deste expediente de contratación.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o art 93-3 da LCSP, o prego de prescricións técnicas redactado polo xefe de Administración Electrónica e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola Xefa da oficina administrativa de Contratación.

Terceiro: O procedemento elixido para a contratación é procedemento negociado sen publicidade en virtude do artigo 170.d do Real Decreto 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do sector público.

Cuarto.- : En cumprimento do disposto nos artigos 113 do RDL 781/86, de 18 de abril, polo que se aprobou o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, 318.2 da lei 5/97, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, disposición adicional oitava da Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e segunda, da Lei 3/2011, de 14 de Novembro Texto Refundido da Lei contratos do Sector Público , emitiuse pola Asesoría Xurídica do concello de Vigo os días 17/03/2016, 30/03/2016 e 14/04/2016, informes favorables ó expediente de contratación devolvéndoo co prego de cláusulas administrativa particulares informado de conformidade.

Quinto.-Según a Lei 5/2014 de 27 maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, este servizo ostenta competencias propias prevista no artigo 25.2 d) "Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade" da Lei 7/85, Reguladora das Bases de réxime local, na redacción dada pola lei 27/2013.

Sexto.-No artigo 93-3º da LCSP establece que ó expediente incorporárase o certificado de existencia de crédito, documento que incorporará o servizo de Intervención Xeral quen ademais fiscalizará previamente a súa aprobación, do expediente.

Septimo.-A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 3º Lei 3/2011, de 14 de Novembro Texto Refundido da Lei contratos do Sector Público. A resolución segundo o artigo 94 1º da LCSP deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

PROPOSTA

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *Aproba-lo expediente de contratación por procedemento negociado sen publicidade para ó mantemento do aplicativo para a xestión do padrón municipal de habitantes e asistencias técnicas asociadas a dita xestión, que contén o prego de prescricións técnicas de data 03/03/2016 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos por procedemento negociado sen publicidade de data 13/04/2016 .*
2. *Aproba-lo gasto de 58.460.66 € para para a contratación do subministro do servizo de mantemento do aplicativo para a xestión do padrón municipal de habitantes e asistencias técnicas asociadas a dita xestión con cargo as partidas 9207.2279902,9231 2279901 dos presuposto dos exercicios 2016, 2017 atendendo ó seguinte desglose:*

<i>Partida</i>	<i>Exercicio</i>	<i>IVA</i>	<i>Base</i>	<i>Importe total</i>
9207.2279902	2016	2.469,73 €	11.760,6 €	14.230,33 €
9207.2279902	2017	2.469,73 €	11.760,6 €	14.230,33 €
9231 2279901	2016	2.603,31 €	12.396,69 €	15.000,00 €
9231 2279901	2017	2.603,31 €	12.396,69 €	15.000,00 €
TOTAL		10.146,08 €	48.314,58 €	58.460.66 €

3. *Autorizar o pago dos servizos referidos ó mantemento e subministro das versións dos programas o comezo do exercicio correspondente ou no seu caso tras a firma do contrato.*
4. *Abrir-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista .”*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(378).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA DO MANTEMENTO E ASISTENCIA DOS APLICATIVOS QUE DAN SOPORTE Á RECADACIÓN E CONTABILIDADE MUNICIPAL. EXPTE. 7694/113.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 14/04/16 e o informe de fiscalización do 22/04/16, dáse conta do informe-proposta do 22/04/16, do xefe do servizo de Admon. Electrónica, conformado pola Dirección Superior Contable e Orzamentación, polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“NORMATIVA DE APLICACIÓN

Lei 3/2011, de 14 de Novembro Texto Refundido da Lei contratos do Sector Público. (TRLCSF)

Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia

Os servizos que abarcan mantemento e actualización das versións dos programas comercialízanse baixo o modelo de pago previo, garantindo este pago a prestación do subministro das versións e parches do programa por un período de tempo que abarque as modificacións ou versión que fosen liberadas polo fabricante durante o exercicio en vigor.

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante Resolución de 25/01/2016 o Concelleiro Delegado de Administración Electrónica acordou iniciar o procedemento de contratación do servizo para o mantemento de aplicacións informáticas externas (aplicación de xestión para a recadación e a contabilidade)

Segundo.- No expediente tramitado ó efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade da contratación do xefe de Administración Electrónica de 25/01/2016*
- Resolución do Concelleiro delegado de Administración Electrónica de 25/01/2016 pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.*
- Prego de prescricións técnicas redactado polo xefe de Administración Electrónica de data 17/03/2016 .*
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento negociado sen publicidade de data 13/04/2016 .*
- Informes favorables ó expediente de contratación do Xefa Servizo Recursos e Asesoramento-Asesoría Xurídica da Asesoría Xurídica de 17/03/2016, 30/03/2016 e 14/04/2016.*

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación de acordo co disposto no art 93-1 da LCSP iniciarase polo Órgano de Contratación, no concello de Vigo esta competencia está delegada por Decretos de Delegación de Alcaldía de data 19/06/2015 e modificación da resolución de delegacións de alcaldía de data 15 de xaneiro de 2016 . O Concelleiro Delegado de Administración Electrónica en resolución de 25/01/2016 autorizou o inicio deste expediente de contratación.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o art 93-3 da LCSP, o prego de prescricións técnicas redactado polo xefe de Administración Electrónica e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola Xefa da oficina administrativa de Contratación.

Terceiro: O procedemento elixido para a contratación é procedemento negociado sen publicidade en virtude do artigo 170.d do Real Decreto 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do sector público.

Cuarto.- : En cumprimento do disposto nos artigos 113 do RDL 781/86, de 18 de abril, polo que se aprobou o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, 318.2 da lei 5/97, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, disposición adicional oitava da Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e segunda, da Lei 3/2011, de 14 de Novembro Texto Refundido da Lei contratos do Sector Público , emitiuse pola Asesoría Xurídica do concello de Vigo os días 17/03/2016, 30/03/2016 e 14/04/2016, informes favorables ó expediente de contratación devolvéndoo co prego de cláusulas administrativa particulares informado de conformidade.

Quinto.-Según a Lei 5/2014 de 27 maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, este servizo ostenta competencias propias prevista no artigo 25.2 d) "Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade" da Lei 7/85, Reguladora das Bases de réxime local, na redacción dada pola lei 27/2013.

Sexto.-No artigo 93-3º da LCSP establece que ó expediente incorporárase o certificado de existencia de crédito, documento que incorporará o servizo de Intervención Xeral quen ademais fiscalizará previamente a súa aprobación, do expediente.

Septimo.-A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda paragrafo 3º Lei 3/2011, de 14 de Novembro Texto Refundido da Lei contratos do Sector Público. A resolución segundo o artigo 94 1º da LCSP deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

PROPOSTA

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. Aproba-lo expediente de contratación por procedemento negociado sen publicidade para ó mantemento dos aplicativos para a xestión da recadación e contabilidade municipais e as asistencias técnicas asociadas a dita xestión, que contén o prego de prescricións técnicas de data 17/03/2016 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos por procedemento negociado sen publicidade de data 13/04/2016 .
2. Aproba-lo gasto de 164.756,96 € para para a contratación do subministro do servizo de mantemento dos aplicativo para a xestión da recadación e contabilidade municipais e as asistencias técnicas asociadas con cargo as partidas dos presuposto 9207.2279902, 9311.2279900 e 9340.2270601 dos exercicios 2016, 2017 atendendo ó seguinte desglose:

Partida	Exercicio	IVA	Base	Importe total
9207.2279902	2016	7.181,39 €	34.197,09 €	41.378,48 €
9207.2279902	2017	7.181,39 €	34.197,09 €	41.378,48 €
9311.2279900	2017	3.818,18 €	18.181,82 €	22.000,00 €

<i>Partida</i>	<i>Exercicio</i>	<i>IVA</i>	<i>Base</i>	<i>Importe total</i>
9340.2270601	2016	5.206,61 €	24.793,39 €	30.000,00 €
9340.2270601	2017	5.206,61 €	24.793,39 €	30.000,00 €
<i>Total</i>		28.594,18 €	13.6162,78 €	164.756,96 €

3. *Autorizar o pago dos servizos referidos ó mantemento e subministro das versións dos programas o comezo do exercicio correspondente ou no seu caso tras a firma do contrato.*
4. *Abrir-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista .”*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(379).- DAR CONTA DE SENTENZAS, AUTOS E DECRETOS:

Dáse conta das sentenzas, autos e decretos remitidos pola Asesoría Xurídica:

- a) Expte. 9707/111. Decreto do TSXG, Sala Contencioso-Administrativo, sección 4ª, no RC-A nº 15163/2016 PO. Demandante: AURORA ESTÉVEZ OTERO E 2 PERSOAS MAIS. Obxecto: desestimación presunta de reclamación económica-administrativa sobre IIVTNU do 24.02.2015. Desestimento dos actores.
- b) Expte. 9610/111.Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 58/2016 PA. Demandante: MARÍA GONZÁLEZ LAGO. Obxecto: sanción de tráfico (Expte.158629562). Estimado o recurso.
- c) Expte. 9620/111. Auto do X. Contencioso-Administrativo nº2 de Vigo no RC-A nº 70/2016 PA. Demandante: FERGRAFIC 3100 SL. Obxecto: desestimación presunta responsabilidade patrimonial administrativa, danos no local por asolagamento 25 e 26.02.2014 na rúa Martínez Garrido, 21. Declara o arquivo das actuación.
- d) Expte. 9723/111. Sentenza do X.do Social nº 4 de Vigo no RC-A nº 637/2015. Demandante: Dª MARÍA GARCÍA BROULLÓN.Obxecto: Indemnización por falecemento do empregado do IMD don Rafael Abeijón B. o 29.10.14, conforme á póliza de aseguramento. Estimada a demanda.
- e) Expte. 9239/111. Sentenza do X.Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A PE. nº 337/15 (Dereitos Fundamentais). Demandante: C.P. CASTELAO 50. Obxecto: Vía de feito. Emisións acústicas con motivo da celebración das Festas da Consolación de Coia. Desestimado o recurso.
- f) Expte. 9680/111. Auto do X.Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A P.E. nº 151/2016 (Dereitos Fundamentais). Demandante: IRIA MARÍA ÁLVAREZ CANELLA. Obxecto: Acordo da X.G.L. Do 03.02.16 que declara caducada a O.E.P. dos anos 2010-2011 2ª Fase. Inadmitido o recurso.
- g) Expte. 9631/111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A PA nº 94/2016. Demandante: Mª DEL PILAR CHANTADA CARBALLO. Obxecto:

Resolución de 19.11.15 (E.P.), responsabilidade patrimonial administrativa por caída na r/ Urzáiz o 21.11.14 . Desestimado o recurso.

h) Expte. 9630/111. Sentenza do X.Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A PA nº 89/2016. Demandante: Jose Manuel Martínez Costas. Obxecto: Resolución do 4.12.15, responsabilidade patrimonial administrativa, caída na Avda. Castelao o 31.07.14. Desestimado o recurso.

A Xunta de Goberno Local queda informada.

5(380).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO ANUAL DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS PARA O ANO 2016. EXPTE. 119997/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 13/04/16 e o informe de fiscalización do 21/04/16, dáse conta do informe-proposta do 13/04/16, da xefa do servizo de Benestar Social, conformado polo xefe de área e pola concelleira-delegada de Política Social, que di o seguinte:

“Con data 31 de marzo de 2016, a Concelleira-Delegada de Política de Social, á vista do Informe Técnico do xefe de área de Política Social , resolveu iniciar o expediente do proxecto anual de servizos sociais comunitarios para a súa presentación ante a Consellería de Traballo e Benestar, para a obtención das axudas destinadas ao cofinanciamento da prestación dos servizos sociais no Concello de Vigo e reguladas no Decreto 99/2012 do 16 de marzo de 2012, publicado no DOG nº 63 do 30 de marzo de 2012. O artigo 43 do citado decreto, modificado polo Decreto 148/2014 de 6 de novembro, regula a iniciación do procedemento, concretando no seu apartado b) que respecto ao proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais, “este proxecto anual será aprobado polo órgano competente da corporación local, facendo constar expresamente a continuidade na prestación dos servizos sociais comunitarios municipais”.

Por todo elo, propónselle a Xunta de Goberno Local que adopte os seguintes acordos:

1º- *Aprobar o proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais para o ano 2016.*

2º- *Que se fai constar a continuidade na prestación dos servizos sociais comunitarios municipais*

3º- *Solicitar a Consellería de Traballo e Benestar unha transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal, que ascenden a un importe total, segundo se reflicte no resumo xeral adxunto, de 7.714.492,67 € co seguinte detalle:*

-Persoal: 765.869,00 €

-Mantemento: 4.061,89 €

-Axuda no fogar:

**Modalidade de prestación básica: 392.217,37 €*

**Modalidade para persoas valoradas como dependentes: 1.729.122,00 €*

-Xestión de programas: 4.823.222,41 €

4º- Adóptase ademáis o compromiso de cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no proxecto anual presentado para a solicitude de transferencia finalista correspondente ao exercicio 201, na contía de 5.263.585,49 €, que supón unha porcentaxe do 40,56% sobre o orzamento total do proxecto, excluídas outras achegas autonómicas.

5º- Faise constar que a sinatura de tódolos documentos, comunicacións e a orde e visto e praxe das certificacións que se remitan á Consellería de Traballo e Benestar, relacionadas co presente expediente, correspóndelle á concelleira-delegada de Política de Social, D^a Isaura Abelairas Rodríguez, segundo Decreto de delegacións de data 19 de xunio de 2015 “

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(381).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DA CONCESIÓN DO SERVIZO DE APARCAMENTO BAIXO A PRAZA DE PORTUGAL. EXPTE. 429/449.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 21/04/2016, da xefa do servizo de Contratación:

“Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto a) para a contratación da concesión do servizo de aparcamento baixo a praza de Portugal (expediente 429-449)” no seguinte orde decrecente:

Empresas	Puntuación total
1. SABA APARCAMIENTOS, S.A.	78,86
2. INTERPARKING HISPANIA, S.A.	77,04
3. EMPARK APARCAMIENTOS E SERVICIOS, S.A.	68,4
4. CONTINENTAL PARKING, S.L.	64,63
5. UTE EMSERCO, SOGESEL INGESER ATLANTICA	61,19

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SABA APARCAMIENTOS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.

- *A documentación esixida nas cláusulas 10 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.416,64 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(382).- PROPOSTA DE NOVO REQUERIMENTO DE DOCUMENTACIÓN E EXCLUSIÓN DE LICITADOR PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE PROCURADORES PARA A REPRESENTACIÓN DO CONCELLO DE VIGO PERANTE DISTINTOS ÓRGANOS XUDICIAIS. EXPTE. 9408/111.

Dáse conta do informe-proposta, do 07/04/16, do secretario da Mesa de Contratación:

“Dase conta en primeiro lugar das seguintes incidencias na presentación de documentación:

O licitador Pablo Acosta Padín non presentou a documentación requerida.

A licitadora Silvia Barreiro presentou unha declaración negativa de atoparse ao día nas obrigas tributarias, A mesa por unanimidade acorda propoñer a Xunta de Goeborno a adopción do seguinte acordo:

“1º Requirir ao licitador clasificado no quinto lugar no lo 1, D.Jesús González-Puelles Casal a presentación no prazo de dez días seguintes a notificación deste acordo a seguinte documentación :

- *Documentación acreditativa da personalidade xurídica, consonte ó previsto na cláusula 8.1 do PCAP.*
- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *Acreditación da solvencia económica e financeira e técnica o profesional consonte ó previsto na cláusula 8.4 do PCAP.*
- *Habilitación profesional.*
- *Póliza do seguro de responsabilidade civil coas características descritas na cláusula 26 do PCAP.*
- *Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.7 do prego.*
- *o aboamento de 104,28 euros en concepto de anuncios de licitación.*

“2º Excluir da licitación a Dna Silvia Barreiro por presentar unha declaración negativa de atoparse ao día nas obrigas tributarias e polo tanto declarar deserto o lote 3”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(383).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS NORMAS REGULADORAS DO PROGRAMA MUNICIPAL DO CIRCUIRO DE CARREIRAS POPULARES “RUNRUNVIGO 2016” E DOTACIÓN DE PREMIOS EN METÁLICO PARA OS PARTICIPANTES. EXPTE. 14997/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 06/04/16 e o informe de fiscalización do 14/04/16, dáse conta do informe-proposta do 30/03/16, do director deportivo-xefe da ud. técnico-deportiva, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“I.- Antecedentes:

A Concellería de deportes dinamiza e coordina o circuïto de carreiras populares da Cidade de Vigo “RunRunVigo”. Este programa, que se impulsa como parte do traballo de fomento e difusión do deporte entre a sociedade viguesa, propón a coordinación, promoción e difusión de diferentes probas pedestres que tradicionalmente teñen lugar na cidade de Vigo, co propósito de estimular e fomentar a práctica do deporte popular.

Este programa ten entre os seus fins fundamentais dar un novo pulo ó atletismo popular da cidade de Vigo. Desde a Concellería, co pleno convencemento do beneficio que supón a práctica do deporte para a cidadanía en xeral, continuando co traballo de dinamización do deporte popular, da un xiro ó circuïto de carreiras populares na súa edición do ano 2016.

No ano 2016, o proxecto cumpre a súa sétima edición, o que o converte nun dos grandes atractivos do ámbito do atletismo popular na cidade de Vigo ó longo do ano.

O programa RunRunVigo, que se desenvolve na da cidade de Vigo, está configurado por 10 tradicionais probas que se celebran ó longo do ano 2016 dinamizadas por cada unha das entidades organizadoras.

PROBA	DATA (*)	Distancia
V Correndo por Vigo	31/01/16	10.000 m.
XVII Medio Maratón Vig Bay	10/04/16	21.097 m.
X 10 Km. Cidade Universitaria de Vigo	24/04/16	10.000 m.
V Carreira da Cereixa	22/05/16	10.000 m.
XXXIII Carreira Nocturna de San Xoán	24/06/16	8.600 m.
VII 10 Km. Xorn. Marisqueiras do Berbés	11/09/16	10.000 m.
XV Media Maratón de Vigo	18/09/16	10.000 m.
Vigo Contra el Cáncer	02/10/16	10.000 m.
X Vigo+11	16/10/16	10.000 m.
XI Subida ao Castro	11/12/16	3.000 m.

Entre as actuacións vinculadas co desenvolvemento do circuïto, a Concellería de deportes realiza dúas actuacións básicas. Por unha banda, coordina os resultados de cada unha das probas integradas no mesmo para a definición dunha clasificación xeral de todos os participantes que ven determinada polos resultados obtidos en cada unha das carreiras.

Esta clasificación é publicada de maneira regular durante todo o ano, coa finalidade de potenciar a participación nas carreiras ó tempo que a mesma servirá para establecer ó final do circuíto os gañadores e gañadoras e primeiros clasificados/as no "Circuíto RunRunVigo".

Esta clasificación ten como finalidade tamén que os mellores atletas se sumen á iniciativa e participen no maior número de probas, dando desta forma un impulso á calidade deportiva do "Circuíto", polo cal dende a Concellería de Deportes se propón o outorgamento duns premios en metálico que fundamentalmente teñen un carácter de recoñecemento testimonial e promocional para o propio circuíto.

Para a clasificación final das carreiras que integran o circuíto 2016, que remata o 11 de decembro de 2016 coa celebración da Subida ó Castro, e unha vez certificados os resultados de todas as probas, propóñense os seguintes premios en metálico, por un importe total de 4.800,00 €.

Categorías*	1º Clasificado/a	2º Clasificado/a	3º Clasificado/a
F-1 e M-1	300,00 €	200,00 €	100,00 €
F-2 e M-2	300,00 €	200,00 €	100,00 €
Categorías*	1º Clasificado/a	2º Clasificado/a	3º Clasificado/a
F-3 e M-3	300,00 €	200,00 €	100,00 €
F-4 e M-4	300,00 €	200,00 €	100,00 €

En relación ás retencións obrigatorias por Lei, atenderase ó establecido no Real Decreto-Ley 9/2015, de 10 de xullo, tendo en conta o establecido no Art. 75.3.f. do RD 439/2007, de 30 de marzo polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renda das persoas físicas e se modifica o Regulamento de Plans e Fondos de Pensións aprobado polo RD 304/2004 de 20 de febreiro, que determina que "No existirá obrigación de practicar retención o ingreso a conta sobre as rentas seguintes:f) os premios.....cunha base de retención no sexa superior a 300€".

II- Proposta de regulamento circuíto RUNRUNVIGO 2016:

1.- CATEGORÍAS PARTICIPANTES:

Femininas	Masculinas	Ano de nacemento
F-1	M-1	Entre 1977-1996 (ambos incluídos)
F-2	M-2	Entre 1967-1976 (ambos incluídos)
F-3	M-3	Entre 1957-1966 (ambos incluídos)
F-4	M-4	1956 ou anteriores

Os/As atletas quedarán inscritos a efectos de clasificación no circuíto por ano de nacemento.

O/A atleta que, a nivel federativo, por cuestións relacionadas coa súa data de nacemento, cambie de categoría en parte das probas, puntuará, a efectos do circuíto, na categoría inicialmente inscrito.

Os/As atletas das categorías 2, 3 e 4 poderán competir na categoría 1 unicamente se o especifican á organización na primeira proba na que se inscriban.

2.- INSCRIPCIÓN NO PROGRAMA MUNICIPAL “CIRCUITO DE CARREIRAS POPULARES RUNRUNVIGO 2016”:

- *Automática:* Os/as participantes inscritos/as en calquera das probas quedarán incluídos automaticamente no circuito RunRunVigo 2016 salvo petición contraria escrita dirixida polo/a atleta á organización do circuito.
- *Gratuíta:* A inscrición no circuito é gratuíta.
- *Independente:* A inscrición no circuito RunRunVigo 2016 é independente da que se realiza en cada unha das probas. Polo tanto, independentemente de estar inscritos no circuito, o/a atleta deberá formalizar a inscrición en cada unha das probas segundo as normas específicas de cada unha delas.
- Clasificación de Club-Equipos Federados: Haberá unha clasificación final por equipos.

-3.- INFORMACIÓN XERAL DO CIRCUITO RUNRUNVIGO 2016:

–Dispoñíbel en www.runrunvigo.vigo.org, www.vigo.org, www.vide.es e www.championchipnorte.com .

–A listaxe coas puntuacións parciais da cada un dos e das participantes exporase na web do circuito www.runrunvigo.vigo.org, na web da Concellería de Deportes (www.vigo.org) e na da Fundación VIDE (www.vide.es).

3.- PUNTUACIÓNS DAS PROBAS:

Os e as participantes no circuito irán conseguindo puntuacións en cada unha das probas, as cales irán sumándose. A puntuación sairá da clasificación particular por categoría dos inscritos no circuito segundo os tempos en cada proba do circuito.

PUNTUACIÓNS POR PROBA	
1º clasificado/a	600 puntos
2º clasificado/a	400 Puntos
3º clasificado/a	350 Puntos
4º clasificado/a	300 Puntos
5º clasificado/a	250 Puntos
6º clasificado/a	200 Puntos
7º clasificado/a	150 Puntos
8º clasificado/a	100 Puntos
9º clasificado/a	70 Puntos
10º clasificado/a	60 Puntos
11º-15º clasificado/a	50 Puntos
16º-20º clasificado/a	40 Puntos
21º-50º clasificado/a	30 Puntos
51º-150º clasificado/a	20 Puntos
151º-300 clasificado/a	10 Puntos
301º-600 clasificado/a	8 Puntos
601º-900 clasificado/a	5 Puntos
901º-1200 clasificado/a	2 Puntos
>1200 clasificado/a	1 punto

4.- CONTROL E XESTIÓN DE RESULTADOS:

O Control e xestión dos resultados das probas estará centralizado a través dunha

plataforma única, championchipnorte.com. O Concello de Vigo, actualizará as clasificacións cos datos aportados por cada unha das probas, e publicará a clasificación.

O Concello de Vigo non se fai responsable dos posibles erros nas clasificacións remitidas por cada un dos organizadores das probas.

5.- PREMIOS FINAIS POR CATEGORÍAS:

5.1.- Os premios en metálico ós/ás gañadores/as do circuío outórganse con independencia dos que cada unha das probas entrega ós mesmos.

Categorías*	1º Clasificado/a	2º Clasificado/a	3º Clasificado/a
F-1 e M-1	300,00 €	200,00 €	100,00 €
F-2 e M-2	300,00 €	200,00 €	100,00 €
F-3 e M-3	300,00 €	200,00 €	100,00 €
F-4 e M-4	300,00 €	200,00 €	100,00 €

**Para ter dereito ó premio metálico, o/a atleta deberá ter participado como mínimo en 6 probas, e a categoría deberá contar cun mínimo de 5 atletas inscritos/as que remataran polo menos 6 probas. Nas categorías F-3 e F-4 non haberá participación mínima esixida para optar ós premios en metálico. A estes importes aplicaranse as retencións obrigatorias por lei.*

- *Criterios de desempate: En caso de empate, utilizaranse os seguintes criterios no orde que se detalla en caso de persistir o empate:*
 - *1º criterio: Nº de probas disputadas ó final do circuío.*
 - *2º criterio: Nº de probas gañadas.*
 - *3º criterio: Mellor posto na derradeira carreira do circuío.*
- *Galardóns para campións e campioas do circuío RunRunVigo 2016: ó remate do circuío, farase entrega nun acto de clausura do campionato dos premios correspondentes ós gañadores e as gañadoras do Circuío RunRunVigo 2016 en cada unha das categorías.*

5.2.- PREMIO MELLOR CLUBE CIRCUÍTO RUNRUNVIGO 2016:

A organización outorgará o trofeo ó mellor club do circuío 2016. Na clasificación de entidades, irán computando os puntos que consigan todos os atletas de cada un dos clubs.

6.- RECLAMACIÓNS:

Os participantes no circuío terán 5 días naturais desde a publicación da clasificación de cada unha das probas para remitir por escrito calquera reclamación á dirección de correo electrónico: vide@vide.es

III.- APLICACIÓN DOS PREMIOS EN METALICO.

Coa finalización das probas do Circuío RunRunVigo 2016, será tramitado por parte da Concellería de Deportes o correspondente expediente para a aprobación dos premios en metálico vinculados o regulamento do citado circuío, polo cal tendo en conta os antecedentes descritos, e atendendo a que a última proba do circuío ten como data de

celebración o 11 de decembro de 2016, se deberá ter en conta os prazos necesarios para pechar a clasificación final e as reclamacións que podan existir, polo cal a tramitación da aprobación dos premios en metálico para as diferentes categorías se desenvolverá de maneira previa a celebración do acto da gala do circuío no cal se fan entrega ditos premios, e a mesma ten prevista a súa celebración no mes de xaneiro de 2017.

Os premios en metálico previstos a través da presente proposta de regulamento do circuío RUNRUNVIGO 2016, ao tratarse de premios deportivos concedidos segundo unha clasificación xeral de todos os participantes nas carreiras incluídas no circuío de carreiras RUNRUNVIGO 2016, non teñen directamente a consideración de subvencións, polo tanto, outorgaranse sen a previa solicitude dos interesados, consonte ao disposto no artigo 4 da LXS.

Para afrontar o gasto derivado do presente expediente, deberase imputar o mesmo ao capítulo IV do orzamento, polo cal, tendo en conta que a proposta do gasto derivada do correspondente expediente, no cal se propoña os gañadores do circuío de carreiras RUNRUNVIGO 2016, será desenvolto no mes de xaneiro do ano 2017, a proposta de autorización do gasto será sobre a aplicación orzamentaria 3410.481.00.00 do orzamento do ano 2017.

IV.- PROPOSTA:

Tendo en conta os antecedentes descritos, e atendendo á importancia que para a cidade de Vigo ten a continuidade de proxectos de promoción do deporte popular, considerando ademais que a Concellería de Deportes ten entre os seus obxectivos potenciar a actividade deportiva en xeral, previo informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local, que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar o Regulamento do Circuío RunRunVigo 2016.

Segundo: Autorizar o gasto polo importe de 4.800,00€ destinados a facer fronte ós premios para os e as gañadoras do "RunRunVigo 2016", a aplicación do crédito realizarase a cargo da aplicación orzamentaria 3410.481.00.00, do orzamento do ano 2017.

Terceiro: Proceder a publicación do Regulamento do Circuío RunRunVigo 2016, no entorno WEB www.runrunvigo.vigo.org, e www.vigo.org,

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(384).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA 2ª MODIFICACIÓN DO PLAN DE ESTUDOS EMAO 2015. EXPTE. 43/613.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 21/04/16, dáse conta do informe-proposta do 12/04/16, do director en funcións da EMAO, conformado pola concelleira-delegada de Educación, que di o seguinte:

“ANTECEDENTES

- A Xunta Reitora do Organismo Autónomo EMAO, na súa sesión de data 16 de abril de 2015, acordou o seguinte:

"1.- Aprobar o Plan de Estudos da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo, composto polos seguintes documentos redactados polo técnico superior de Cultura e Educación do Concello de Vigo, director en funcións da EMAO:

- Documento 1. [Introductorio ao Plan 2015. Misión da EMAO](#)
- Documento 2. [Redeseño do currículo por especialidades](#)
- Documento 3. [Normativa do Plan de Estudos 2014](#)
- Anexos
 - Horario profesorado curso 2015-2016
 - O Plan de Estudos nas actas do Claustro de profesorado
 - Documento elaborado pola comisión de profesorado"

- No documento 1 *Introdución/Misión da EMAO/Características xerais*, páx. 8 indícase:

Como toda planificación, e máis nunha como a que se presenta, criticamente condicionada por un contexto socioeconómico desfavorable e unha indeterminación normativa, ten que ser susceptible de experimentación, reflexión, cambio e adaptación que consiga, co paso do tempo e a análise do que ocorre, un perfeccionamento progresivo interno e unha adaptabilidade grande aos cambios sociais.

- A Xunta Reitora da Escola Municipal de Artes e Oficios, na sesión ordinaria do día dez de decembro de 2015, acordou realizar a primeira modificación do novo Plan, introducindo algúns cambios menores e aprobando o Deseño Curricular de Ourivaría (que xunta o de Encadernación e de Luthería antiga, estaban pendentes de redactar por parte dos profesores respectivos)

- Con data 07/01/2016 foi entregado o novo Deseño curricular por parte do mestre de CAIM-Luthería antiga, Ramón Rodríguez Casal; unha vez revisado incorpórase como ANEXO a este informe.

Coa entrega desta programación segue pendente de entrega o Redeseño curricular da especialidade de Encadernación.

En consecuencia, PROPONSE á Xunta de Goberno Local, acordar o seguinte:

- Aprobar a 2ª modificación do Plan de Estudos EMAO 2015 (PEEMAO2015) (Xunta Rectora do Organismo Autónomo de 16/04/2015), no sentido de incluír un novo ANEXO XII ao Documento 2 (Redeseño do currículo por especialidades) do Plan de Estudos EMAO 2015: Redeseño curricular da especialidade Construcción Artesanal de Instrumentos Musicais (CAIM)-Luthería antiga: Perfil Profesional, Referente Formativo e Temporalización e Secuenciación. Documento recollido como Anexo a este informe e engadido ao expediente 46/613.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(385).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN “REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS” PARA O APOIO AO PROXECTO DE ACOMPAÑAMENTO ÁS MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO DURANTE O ANO 2016. EXPTE. 7088/224.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 06/04/16 e o informe de fiscalización do 21/04/16, dáse conta do informe-proposta do 05/04/16, da xefa do servizo de Igualdade, conformado pola concelleira-delegada de área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“A Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e a Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes imponlles aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes e para a prevención e o tratamento da violencia de xénero.

A cidade de Vigo conta cunha rede de servizos e recursos específicos para as mulleres. Por unha banda, existe un centro de atención global e específica á muller, que é o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, onde diferentes profesionais reciben as demandas e traballan directa e planificadamente coas mulleres e unha rede de acollemento formada polo Centro de Emerxencia e por tres vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero. Por outra banda, Vigo é unha cidade historicamente estruturada en barrios cunha dinámica e servizos comunitarios propios e descentralizados (culturais, asociativos, de saúde...), onde as mulleres teñen representatividade formal e informal na vida cotiá do barrio a través de asociacións de base que lles permiten o coñecemento a fondo da realidade.

Desde o ano 1997 un grupo de mulleres vinculadas ao movemento veciñal ven traballando de xeito solidario na prevención e axuda ás mulleres maltratadas. No mes de novembro de 2003, esta rede de mulleres constitúese nunha Asociación independente e autónoma baixo o nome “Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo” formalizando a súa inscrición no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia e do Concello de Vigo.

Esta asociación a forman un grupo organizado de mulleres vinculadas ás asociacións veciñais que apoian e acompañan ás mulleres no proceso de concienciación e ruptura cos malos tratos, constituíndose nun referente social de denuncia e de mobilización contra a violencia de xénero. As mulleres que forman parte da rede traballan de xeito voluntario como mediadoras e reciben unha formación específica impartida por profesionais do ámbito psico-social, xurídico, e policial.

Os fins da Rede de mulleres veciñais como contemplan os seus estatutos son entre outros:

- .- Traballar na prevención dos malos tratos*
- .- Asistir ás mulleres maltratadas en todas as situacións que sexa necesario*
- .- Difundir os valores de igualdade entre as persoas sen discriminación por razón de xénero, defender os dereitos e intereses das mulleres maltratadas.*
- .- Potenciar o benestar social e a calidade de vida das mulleres realizando os estudos e propoñendo as medidas políticas precisas aos órganos da administración.*

Considerando que os seus fins cumpren os obxectivos da concellería de Igualdade en prol da igualdade de oportunidades e máis especificamente contra a violencia que sofren as mulleres, valórase oportuno que o Concello de Vigo apoie esta iniciativa de carácter solidario baixo a fórmula dun convenio de colaboración cuxo obxecto sexa apoiar á Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo nas labores de acompañamento ás mulleres vítimas de violencia de xénero, apoiando a formación continua das mediadoras da Rede que realizan ditos acompañamentos así como as xornadas informativas para a incorporación de novas integrantes voluntarias.

A insuficiente capacidade económica desta entidade sen ánimo de lucro para facer fronte aos gastos xerados polo comezo das accións obxecto deste convenio motiva a concesión á entidade beneficiaria da axuda dun anticipo do 32,7% da subvención que se concede.

Ao tratarse dunha entidade non lucrativa que desenvolve programas de acción social non procede a constitución de garantías, tal e como recolle o apartado d) do artigo 42.2 Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

O réxime xurídico no que se enmarca este proxecto de colaboración é conforme co disposto na normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o seu regulamento de desenvolvemento, RD 887/2006, de 21 de xullo, así como as Bases de execución do orzamento vixente do Concello de Vigo.

Atendendo á instrución 1/2014 de Intervención Xeral en relación á aplicación da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa citada Lei 27/2013, este servizo xestor informa de que as actuacións que esta concellería vai realizar baixo este expediente administrativo consisten en actuacións xa establecidas pola concellería de Igualdade en exercicios anteriores e con cargo á mesma partida presupostaría "Convenio asoci. Rede mulleres contra os malos tratos" 2311 4890004, tramitando en anos anteriores expedientes similares, sirva como exemplo: 5413/224 do 2012 e 5856/224 do 2013. Polo exposto anteriormente xustifícase a continuidade que require a norma.

Por isto, e previos os preceptivos informes de Asesoría Xurídica e de Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local:

1º. Aprobar a sinatura do Convenio de colaboración entre a "Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo" e o Concello de Vigo para o apoio ao mantemento da Rede de Mediadoras durante o ano 2016.

2º. Autorizar o gasto de 15.300,00€ (quinze mil trescentos euros) con cargo á partida presupostaría "Convenio coa Asociación Rede de mulleres veciñais contra os malos tratos de Vigo para o apoio á Rede de Mediadoras" 2311 4890004 do orzamento vixente para facer fronte aos gastos derivados da execución do presente convenio.

3º. Aprobar o texto, que de seguido se di:

“ Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de dous mil dezaseis

REUNIDAS

Dunha parte, don Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo.

Doutra, dona María Rosario Otero Rodríguez, como presidenta da asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, con CIF nº G36928646 e enderezo social na rúa Oliva, 12 Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da súa secretaría que figura na documentación do expediente núm. 7088- 224.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I. Que desde o ano 1997 un grupo de mulleres vinculadas ao movemento veciñal ven traballando de xeito solidario na prevención e axuda ás mulleres maltratadas. No mes de novembro de 2003, esta rede de mulleres constitúese nunha Asociación independente e autónoma baixo o nome “Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo” formalizando a súa inscrición no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia e do Concello de Vigo.

Esta asociación a forman un grupo organizado de mulleres vinculadas ás asociacións veciñais que apoian e acompañan ás mulleres no proceso de concienciación e ruptura cos malos tratos, constituíndose nun referente social de denuncia e de mobilización contra a violencia de xénero. As mulleres que forman parte da rede traballan de xeito voluntario como mediadoras e reciben unha formación específica impartida por profesionais do ámbito psico-social, xurídico, e policial.

Os fins da Rede de mulleres veciñais, como contemplan os seus estatutos, son entre outros:

- .- Traballar na prevención dos malos tratos
- .- Asistir ás mulleres maltratadas en todas as situacións que sexa necesario
- .- Difundir os valores de igualdade entre as persoas sen discriminación por razón de xénero, defender os dereitos e intereses das mulleres maltratadas.
- .- Potenciar o benestar social e a calidade de vida das mulleres realizando os estudos e propoñendo as medidas políticas precisas aos órganos da administración.

II. Que o Concello de Vigo conta cunha rede de servizos e recursos específicos para as mulleres. Por unha banda, existe un centro de atención global e específica á muller, que é o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, onde diferentes profesionais reciben as demandas e traballan directa e planificadamente coas mulleres e unha rede municipal de acollemento, formada polo Centro de Emerxencia e por tres vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero. Por outra banda, Vigo é unha cidade historicamente estruturada en barrios cunha dinámica e servizos comunitarios propios e descentralizados (culturais, asociativos, de saúde...), onde as mulleres teñen representatividade formal e informal na vida cotiá do barrio a través de asociacións de base que lles permiten o coñecemento a fondo da realidade.

Considerando que os fins da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo cumpren os obxectivos da concellería de Igualdade en prol da igualdade de oportunidades e máis especificamente contra a violencia que sofren as mulleres, valórase oportuno que o

Concello de Vigo apoie esta iniciativa de carácter solidario baixo a fórmula dun convenio de colaboración.

III. Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 2311 4890004 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 15.300,00€, a favor da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo .

IV. Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, as intervintes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é apoiar o mantemento da entidade e o desenvolvemento do proxecto de acompañamento ás mulleres vítimas de violencia de xénero durante o exercicio 2016.

V.- Que a Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, segundo resulta da declaración responsable que forma parte deste convenio como Anexo III.

VI. Que a Asociación áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das certificacións que figuran no expediente.

VII. Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo , o Concello de Vigo e dita asociación conveñen a súa colaboración no ámbito da promoción da igualdade e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

PRIMEIRO.- OBXECTO

O obxecto deste convenio é apoiar á Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo nas labores de acompañamento ás mulleres vítimas de violencia de xénero, no apoio á formación continua das mediadoras da Rede que realizan ditos acompañamentos así como ás xornadas informativas para a incorporación de novas integrantes voluntarias. Actividades do programa de acompañamento que se integran no “Calendario de actividades para o ano 2016” que presenta a entidade beneficiaria e que se incorpora ao convenio como Anexo I.

As accións obxecto deste convenio están dirixidas a todas as mulleres de Vigo que sofren violencia de xénero e que manifesten o seu desexo de ser axudadas pola Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo.

Un dos obxectivos perseguidos pola Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo é o fortalecemento persoal da vítima paliando a soedade e angustia, trasmitíndolle apoio e confianza, co fin de acadar a integración da muller en todos os ámbitos da vida.

SEGUNDO.- OBRIGAS DA BENEFICIARIA

1. A Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo comprométese a colaborar coa concellería de Igualdade no marco deste convenio e dotar ás mulleres voluntarias da entidade de aqueles mecanismos sociais de apoio a vítima, para acompañar ós casos de vítima de violencia de xénero; especialmente ó colectivo de mulleres usuarias da rede municipal

de acollemento: Centro de Emerxencia e vivendas de protección, xa que estas mulleres deron un paso de vital importancia para saír dunha situación de violencia e agora necesitan o máximo apoio e reforzo para superar esta difícil situación. A Rede de Mulleres Veciñais, como organización non lucrativa, comprométese ademais, co colectivo de referencia (mulleres usuarias dos dispositivos de acollemento), ampliar as súas competencias a todo tipo de acompañamentos como poden ser: consultas médicas, actividades de lecer, sociais, relacionais, comunicativas, etc.

Procederáse á atención e acompañamento necesario aínda que as mulleres non sexan veciñas de Vigo nos casos derivados polo servizo municipal do Centro Municipal de Información dos Dereitos das Mulleres.

2. Derivar a todas as beneficiarias dos acompañamentos que realice a entidade beneficiaria ao Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller (CIM), servizo adscrito á Concellería de Igualdade do Concello de Vigo, servizo responsable de ofrecer e garantir a información e o asesoramento social, xurídico e psicolóxico ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

3. Comunicar á Concellería de Igualdade con carácter semanal, a relación de mulleres atendidas na rede de acompañamento, indicando na comunicación: nome completo, DNI/NIE , enderezo e teléfono/s de contacto.

4. Achegar trimestralmente á Concellería de Igualdade as “Fichas individuais mensuais das destinatarias da acción” segundo modelo do Anexo IV, debidamente cubertas e asinadas pola beneficiaria, polas persoas voluntarias que realizaron os acompañamentos e pola responsable do programa na entidade.

5. Asumir todo o concernente á organización xeral das actividades obxecto do convenio, achegando a infraestrutura e o equipo humano necesario para tal fin.

6º Asumir todos os gastos que se deriven da organización destas actividades e obter todos os permisos e autorizacións para a súa realización.

7. Garantir o dereito á confidencialidade das beneficiarias incluíndo unha cláusula de confidencialidade nas persoas que traballen ou colaboren na Asociación.

8. Todas as actividades desenvolvidas pola Asociación na execución deste convenio deberán estar amparadas ou cubertas de toda clase de contingencias derivadas da referida execución, por efecto dela ou con ocasión da mesma; a través das necesarias relacións de aseguramento, social ou privado, que contemplan a asistencia sanitaria, accidentes de traballo e demais prestacións do sistema de seguridade social así como da posible responsabilidade civil.

9. A persoa ou persoal que preste servizos na Asociación Rede de Mulleres Veciñais non manterá relación laboral nin contractual co Concello de Vigo.

10. As obrigas da Asociación rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, como beneficiaria da axuda, serán, ademais das estipuladas nos apartados anteriores, as consignadas no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

TERCEIRO.- OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO

O Concello de Vigo, pola súa parte comprométese a:

1. Aportar a documentación técnica precisa como a guía de recursos e a atención profesional especializada (psicolóxica, xurídica e social) a través do persoal do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.
2. Engadir este servizo de acompañamento entre os servizos especializados no eido da promoción da muller que difunda mediante campañas de publicidade.
3. Conceder directamente á Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, unha subvención por importe de 15.300,00€ co obxecto de coadxuvar o financiamento da colaboración no ámbito da promoción da igualdade e do tratamento contra a violencia de xénero.

CUARTO.- COMPATIBILIDADE DA AXUDA

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

QUINTO.- PAGAMENTO DA AXUDA

1. O Concello de Vigo abonará o importe da axuda en tres partes:
 - a) A primeira, por importe de 5.000,00€ coa firma do presente convenio, anticipo motivado para facer fronte aos gastos xerados polo comezo das accións desta entidade sen ánimo de lucro.
 - b) A segunda por importe de 5.000,00€ no mes de xuño, previa a entrega do informe de avaliación das actividades e xustificantes orixinais de gasto polo importe a aboar.
 - c) A terceira por importe de 5.300,00€ no mes de decembro previa a certificación do departamento de igualdade acreditando o cumprimento do convenio unha vez se achegue a memoria anual da asociación e xustificantes orixinais de gasto do resto da subvención pendente de xustificar.
2. Antes de proceder a cada pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.
3. Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

SEXTO.- SUBCONTRATACIÓN

A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 80% do importe da actividade subvencionada.

A entidade non pode concertar con terceiros/as a execución das actividades que constitúen a prestación voluntaria e solidaria dos acompañamentos ás mulleres vítimas de violencia. A beneficiaria está autorizada a concertar con terceiros/as as actividades que non sexan prestacións de carácter persoal, como son: actividades de formación, desprazamentos, publicidade..., segundo o previsto no artigo 29 da Lei Xeral de Subvencións.

Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de subvenciones de Galicia.

SÉTIMO.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento e avaliación do presente convenio de colaboración establécese unha comisión de seguimento e avaliación que, presidida pola concelleira de Igualdade estará formada, previo nomeamento da Presidenta, por:

- A presidenta e coordinadora da Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo ou persoas en quen deleguen.
- A xefa do servizo de Igualdade ou técnica de Igualdade na que delegue.
- Unha técnica do servizo de Igualdade.

Actuará como secretaria delegada unha das vogais da comisión que se designará para tal fin.

OITAVO.- PUBLICIDADE

1. Atendendo ao establecido pola Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa que modificou o réxime xurídico da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) contido no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións o Concello de Vigo rexistrará e daralle publicidade deste convenio na BDNS e no Portal de Transparencia do Concello de Vigo.

2. A beneficiaria deberá dar adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inserción en lugar visible do logo da concellería de Igualdade e do Concello de Vigo en canto material escrito e audiovisual se empregue .

NOVENO.- XUSTIFICACIÓN

1. Prazo: antes do 10 de decembro de 2016, a beneficiaria deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

2. A memoria xustificativa deberá conter a seguinte documentación:

a) A xustificación do gasto imputable ao programa subvencionado deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación que acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de 16.300,00€ (gasto total do proxecto segundo reflicte o orzamento presentado pola entidade).

A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos, tal e como se indica no parágrafo anterior xunto cunha relación de todos os xustificantes de pago dos gastos incorridos que fosen financiados coa axuda concedida nesta convocatoria acompañando as facturas ou documentos de valor probatorio equivalente á contía da subvención concedida. Ademais, a entidade deberá declarar o importe, procedencia e a aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiarán tamén a actividade subvencionada.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación en vigor desde o 1 de xaneiro de 2013. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

A axuda do Concello de Vigo incluírá tanto os consumos (teléfono, luz, distribución postal) como o abono de salarios, publicidade e os gastos de formación e desprazamento das mediadoras, atendendo ao especificado no orzamento elaborado pola entidade para o ano 2016. Anexo II.

Os custos indirectos formarán parte da xustificación da subvención, sempre que se imputen á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida na que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.

b) Anexo IV “ Fichas individuais mensuais das destinatarias da acción”. Neste anexo deberá constar todos os acompañamentos realizados ás usuarias destinatarias do programa no período subvencionado e deberá vir firmado por cada unha das destinatarias, polas persoas voluntarias que realizasen o acompañamento e conformado pola responsable do programa na entidade beneficiaria.

Este anexo entregarase con carácter trimestral na Concellería de Igualdade, cuxo persoal acusará recibo de dita documentación.

c) Unha memoria semestral e outra anual, ao remate do período subvencionable, en soporte impreso e dixital, que reflictan dun xeito cuantitativo e cualitativo o programa subvencionado e

realizado no marco deste convenio, atendendo ás mulleres beneficiarias do programa identificadas no Anexo IV.

DÉCIMO. - GASTOS SUBVENCIONABLES

Serán gastos subvencionables os que se realicen desde o 10 de decembro de 2015 ata o 9 de decembro de 2016 e de xeito indudable respondan á natureza da actividade subvencionada, atendendo ao especificado no orzamento elaborado pola entidade para o ano 2016 e que forma parte deste convenio como Anexo II.

A axuda do Concello de Vigo incluírá tanto os consumos (teléfono, luz, distribución postal) como o abono de salarios, publicidade e os gastos de formación e desprazamento das mediadoras, atendendo ao especificado no orzamento elaborado pola entidade para o ano 2016. Anexo II.

DÉCIMO PRIMEIRO.- COMPROBACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión desta, será comprobada polos servizos da Concellería de Igualdade. A xefa do servizo de Igualdade emitirá informe ao respecto acreditando o cumprimento do convenio ou facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada. O informe do órgano xestor incorporárase á conta xustificativa.

DÉCIMO SEGUNDO .- OBRIGA DE INFORMACIÓN

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola concellería de Igualdade e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO TERCEIRO.- PÉRDIDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DA AXUDA

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO CUARTO.- RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN

Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

DÉCIMO QUINTO.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

1.- A beneficiaria está informada de que os seus datos serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencionable, polo que a súa achega é obrigatoria.

3.- Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.

DÉCIMO SEXTO.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 15/2014 de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do orzamento municipal para o exercicio 2016 e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _____ de 2016.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(386).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA PARA O MANTEMENTO DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 2093/334.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 25/04/16, da técnica de Normalización Lingüística, conformado pola concelleira-delegada de área, que di o seguinte:

“O DOG do 19 de abril (núm. 74) recolle a publicación da Orde do 31 de marzo de 2016 da Secretaría Xeral de Política Lingüística pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega.

No artigo 4 establécese que dentro das “Modalidades de axuda” está a de “Mantemento ou reforzamento dun servizo lingüístico dunha entidade local”, enténdese baixo este epígrafe “...a dotación de continuidade dun servizo lingüístico creado con anterioridade á data de publicación desta convocatoria de subvencións”.

O SNL do Concello de Vigo está a desenvolver a súa actividade dinamizadora do uso e coñecemento da lingua galega dende 1989. Actividade tanto interna e externa, quere dicir traballamos para a propia administración e organismos autónomos como para a cidadanía en xeral. E traballamos tanto no corpus (correccións, terminoloxía, publicación...) como no status (programas e campañas de dinamización).

Cumpre así este SNL os requisitos sinalados nos artigos 4.1.b e 4.2.c (servizo xa existente), art. 7 Funcións do servizo lingüístico (internas/dinamización lingüística/formación sociolingüística/coordiación).

Na actualidade, o SNL conta cunha técnica e unha administrativa. Tanto polo volume de traballo, a poboación destinataria e o labor de coordinación, avaliación, seguimento... cómprenos maior dotación económica e humana.

Esta orde de convocatoria de subvencións ábrenos a posibilidade a optar por unha axuda que nos permita continuar co labor realizado até o momento.

Polo antedito, solicitamos á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

1.- "A aprobación da solicitude de subvención para a dinamización lingüística, e aceptación das condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na orde, á Secretaría Xeral de Política Lingüística **para o mantemento do SNL** por un total de 20.000 euros.

2.- Designar á técnica de Normalización Lingüística, Marta Souto González, para levar a cabo as funcións de coordinación e comunicación coa Secretaría Xeral de Política Lingüística que se desprenden das bases da ORDE do 31 de marzo de 2016."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(387).- DAR CONTA DA ACTA DE COMPROBACIÓN DE REPLANTEO CORRESPONDENTE Á OBRA "ENSANCHE DO ESTREIRO DO PIVIDAL, NA AVDA. DE SANTA MARIÑA". EXPTE. 3201/443.

Dáse conta do informe-proposta do 220/3/16, do xefe do servizo administrativo e control orzamentario, conformado polo xefe da área de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de área:

"1.- Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 14 de agosto de 2014, entre outros asuntos acordou a aprobación do proxecto "ENSANCHE DO ESTREITO DA PIVIDAL, NA AVDA. DE SANTA MARIÑA", cun orzamento de base de licitación de 102.177,87 € lve engadido. (Expte. 2544/440).

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 22 de outubro de 2015, entre outros asuntos acordou a proposta de contratación a través de procedemento aberto e tramitación urxente das obras do proxecto "ENSANCHE DO ESTREITO DA PIVIDAL, NA AVDA. DE SANTA MARIÑA". (Expte. 3470/440).

A Xunta de Goberno Local extraordinaria e urxente do 30 de decembro de 2015, entre outros asuntos acordou a adxudicación do procedemento aberto para a contratación das

obras de "ENSANCHE DO ESTREITO DA PIVIDAL, NA AVDA. DE SANTA MARIÑA". EXPTE. 3470/440, a favor da mercantil COPCISA, SA., por un prezo total de 79.933,75 € (IVE incluído).

Con data 30 de decembro de 2015 o Concello de Vigo formaliza o contrato de adxudicación das citadas obras coa mercantil COPCISA, SA..

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 15 de xaneiro de 2016, entre outros asuntos acordou nomear a D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS e D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ como Directores Facultativos para a obra "ENSANCHE DO ESTREITO DA PIVIDAL, NA AVDA. DE SANTA MARIÑA". EXPTE. 3470/440.

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 19 de febreiro de 2016, entre outros asuntos acordou nomear a D. ROBERTO PÉREZ PROL como Coordinador de Seguridade e Saúde para a obra "ENSANCHE DO ESTREITO DA PIVIDAL, NA AVDA. DE SANTA MARIÑA". EXPTE. 3470/440.

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 4 de marzo de 2016, entre outros asuntos acordou aprobar o Plan de Seguridade e Saúde e dar conta do Plan de Xestión de Residuos para a obra "ENSANCHE DO ESTREITO DA PIVIDAL, NA AVDA. DE SANTA MARIÑA". EXPTE. 3470/440.

2.- Fundamentos xurídicos:

O artigo 229 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, en relación a comprobación do replanteo, indica que "A execución do contrato de obras comezará coa acta de comprobación do reformulo. A tales efectos, dentro do prazo que se consigne no contrato que non poderá ser superior a un mes desde a data da súa formalización salvo casos excepcionais justificados, o servizo da Administración encargada das obras procederá, en presenza do contratista, a efectuar a comprobación do reformulo feito previamente á licitación, estendéndose acta do resultado que será asinada por ambas as partes interesadas, remitíndose un exemplar da mesma ao órgano que celebrou o contrato."

O artigo 140 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, sobre a acta de comprobación do replanteo, establece no seu punto 3.) que "Un exemplar da acta se remitirá o órgano de contratación".

O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexe o presente expediente e aprobado pola Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 18 de xullo de 2014, recolle na CLÁUSULA 25.- EXECUCIÓN DO CONTRATO, no punto 3. apartado c) sobre a Comprobación do replanteo "O servizo xestor, dentro do prazo máximo dun mes ou inferior que se consigne no contrato desde a data da súa formalización, procederá, en presenza do contratista, a efectuar a comprobación de replanteo feito previamente á licitación, estendéndose acta do resultado, que será asinada por ámbalas dúas partes interesadas, remitíndose un exemplar da mesma ao órgano de contratación."

En base ao exposto, unha vez asinada a acta de comprobación do replanteo dentro do prazo máximo fixado, procede a remisión da mesma para dar conta á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación.

3.- Proposta:

En relación ao citado expediente con data 08-03-2016 foi celebrado o acto para a sinatura da acta de comprobación de replanteo da obra ENSANCHE DO ESTREITO DA PIVIDAL, NA AVDA. DE SANTA MARIÑA. (Expte. 3470/440), asinada por parte do Concello de Vigo, como Dirección Facultativa por D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS e D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ; en representación da mercantil COPCISA, SA. como adxudicataria da execución das obras por D. MANUEL CARRASCO CASTRO; como Responsable do contrato por D. ÁLVARO CRESPO CASAL:

Se anexa copia das actas de comprobación de replanteo do expediente de contratación 3470/440.

En conclusión, cos antecedentes descritos, unha vez asinada a acta de comprobación do replanteo dentro do prazo máximo fixado, procede a remisión da mesma para dar conta á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación.

Polo exposto propónse á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación a aprobación da seguinte

PROPOSTA:

Tomar coñecemento da remisión da acta de comprobación do replanteo correspondente á obra ENSANCHE DO ESTREITO DA PIVIDAL, NA AVDA. DE SANTA MARIÑA, asinada con data 08-03-2016 por parte da Dirección Facultativa por D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS e D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ; en representación da mercantil COPCISA, SA.. como adxudicataria da execución das obras por D. MANUEL CARRASCO CASTRO; como Responsable do contrato por D. ÁLVARO CRESPO CASAL.”

A Xunta de Goberno Local queda informada.

13(388).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROGRAMA DE TRABAJO E PLAN DE CONTROL DE CALIDADE PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DO “ENSANCHE DO ESTREITO DA PIVIDAL, NA AVDA. DE SANTA MARIÑA”. EXPTE. 3189/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 18/04/16 do xefe do servizo administrativo e control orzamentario, conformado polo xefe de área de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

“1.- Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local en sesión do 14 de agosto de 2014, acordou aprobar o proxecto "ENSANCHE DO ESTREITO DA PIVIDAL, NA AVDA. DE SANTA MARIÑA", cun orzamento de base de licitación de 102.177,87 € IVE engadido. (Expte. 2544/440).

A Xunta de Goberno Local, en sesión do 22 de outubro de 2015, acordou aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación urxente das obras do proxecto "ENSANCHE DO ESTREITO DA PIVIDAL, NA AVDA. DE SANTA MARIÑA". (Expte. 3470/440).

A Xunta de Goberno Local en sesión do 30 de decembro de 2015, entre outros asuntos acordou a adxudicación do procedemento aberto para a contratación das obras de "ENSANCHE DO ESTREITO DA PIVIDAL, NA AVDA. DE SANTA MARIÑA". EXPTE. 3470/440, a favor da mercantil COPCISA, SA., por un prezo total de 79.933,75 € (IVE incluído).

Con data 30 de decembro de 2015 o Concello de Vigo formaliza o contrato de adxudicación das citadas obras coa mercantil COPCISA, SA..

A Xunta de Goberno Local, en sesión do 15 de xaneiro de 2016, entre outros asuntos acordou nomear a D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS e D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ como Directores Facultativos para a obra "ENSANCHE DO ESTREITO DA PIVIDAL, NA AVDA. DE SANTA MARIÑA". EXPTE. 3470/440.

A Xunta de Goberno Local, en sesión do 19 de febreiro de 2016, entre outros asuntos acordou nomear a D. ROBERTO PÉREZ PROL como Coordinador de Seguridade e Saúde para a obra "ENSANCHE DO ESTREITO DA PIVIDAL, NA AVDA. DE SANTA MARIÑA". EXPTE. 3470/440.

A Xunta de Goberno Local, na sesión do 4 de marzo de 2016, entre outros asuntos acordou aprobar o Plan de Seguridade e Saúde e dar conta do Plan de Xestión de Residuos para a obra "ENSANCHE DO ESTREITO DA PIVIDAL, NA AVDA. DE SANTA MARIÑA". EXPTE. 3470/440.

2.- Fundamentos xurídicos:

O artigo 144 Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, establece no seu punto 1.) que "cando se estableza expresamente no prego de cláusulas administrativas particulares, e sempre que a total execución da obra estea prevista en máis dunha anualidade, o contratista estará obrigado a presentar un programa de traballo no prazo máximo de trinta días, contados desde a formalización do contrato".

O PCAP que regula o procedemento de contratación do expediente para a execución das obras de "ENSANCHE DO ESTREITO DA PIVIDAL, NA AVDA. DE SANTA MARIÑA". EXPTE. 3470/440, define no punto 4, da cláusula 1), que entre as funcións do director facultativo atopanse as de:

- Informar o programa de traballo presentado polo contratista e propoñer a súa aprobación ao órgano de contratación.

- *Informar o plan de calidade presentado polo contratista e propoñer a súa aprobación ao órgano de contratación, así como a realización de funcións de revisión e supervisión do cumprimento do mesmo.*

En base ao exposto, a aprobación do programa de traballo, así como o plan de calidade, previo informe da dirección facultativa, deberán ser aprobados pola Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación.

3.- Proposta:

En relación ao citado expediente a mercantil COPCISA, SA. como adxudicataria da execución das obras presenta os seguintes documentos:

- *Programa de traballo presentado polo adxudicatario con data 29-02-2016*
- *Plan de calidade presentado polo adxudicatario con data 29-02-2016*

Con data 08-04-2016 a dirección facultativa formada por D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ e D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS de acordo co nomeamento aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 15 de xaneiro de 2016, informa de conformidade os citados documentos.

En conclusión cos antecedentes descritos, procede a aprobación do programa de traballo, así como o plan de calidade, que conta co informe favorable da dirección facultativa.

Polo exposto propónse á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación a aprobación da seguinte

PROPOSTA:

Primeiro: Aprobar o programa de traballo e o plan de calidade, presentados pola mercantil COPCISA, SA. con data 29-02-2016 e de acordo co informe favorable aos mesmos de data 16-03-2016 asinados por D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ e D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS como directores facultativos nomeados para as obras de "ENSANCHE DO ESTREITO DA PIVIDAL, NA AVDA. DE SANTA MARIÑA". EXPTE. 3470/440.

Segundo: Do presente acordo darase traslado á empresa adxudicataria das obras de "ENSANCHE DO ESTREITO DA PIVIDAL, NA AVDA. DE SANTA MARIÑA". EXPTE. 3470/440."

Acordo:

a Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(389).- DAR CONTA DA ACTA DE COMPROBACIÓN DE REPLANTEO DAS OBRAS "HUMANIZACIÓN DA RÚA MARQUÉS DE VALTERRA". EXPTE. 3204/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 21/04/16, do xefe do servizo administrativo e control orzamentario, conformado polo

xefe do departamento administrativo da Alcaldía, polo xefe da área de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

“Antecedentes:

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión do 10 de xullo de 2015, aprobou o proxecto “HUMANIZACIÓN DA RÚA MARQUÉS DE VALTERRA”, cun orzamento base de licitación de 211.000,00 €, IVE engadido, (Expte. 2390/443) e con data do 22 de outubro de 2015, o expediente de contratación para a súa execución (Expte. núm. 3468/440)

II.- O contrato foi adxudicado pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 30 de decembro de 2015, á mercantil XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, por un prezo total de 181.249,00 € (IVE incluído), e foi formalizado o 30 de decembro seguinte.

III.- Con data 15 de xaneiro de 2016 a Xunta de Goberno Local resolveu nomear a don Jerónimo Centrón Castaños e a don Julio Carrasco Rodríguez directores facultativos da dita obra, os cales en unión do responsable do contrato, don Álvaro Crespo Casal e en presenza do representante da adxudicataria, don Miguel Caruncho Campanario, procederon, na mesma data, á comprobación do replanteo do proxecto; comprobación da que se levantou acta na que se fixo constar a dispoñibilidade dos terreos, a conformidade do replanteo cos documentos do proxecto e as súas características xeométricas e, daquela, a viabilidade do proxecto; non obstante, fíxose constar a suspensión do inicio execución da obra ata a aprobación polo órgano de contratación do plan de seguridade e saúde e a apertura do centro de traballo da obra.

IV.- Nomeado don Gustavo Martínez Rodríguez como Coordinador de Seguridade e Saúde, aprobados o plan de seguridade e saúde da obra e o de xestión de residuos da mesma, pola Xunta de Goberno Local, en sesións de 8 e 19 de febreiro de 2016 e comunicada pola contratista a autoridade laboral a apertura do centro de traballo na obra, os asinantes da acta arriba referida, con data 23 de febreiro, asinaron un anexo á mesma, no que fan constar que superadas as causas que impediron temporalmente o inicio da execución do contrato se autoriza o comezo da obra.

Fundamentos xurídicos:

I.- O replanteo do proxecto de obras, de acordo co artigo 126 do R.D.Leg. 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, ten por obxecto comprobar a realidade xeométrica da obra e a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa normal execución, así como cantos supostos figuren no proxecto elaborado e sexan básicos para o contrato.

II.- O artigo 229 do mesmo texto, canto a comprobación do replanteo, dispón que “A execución do contrato de obras comezará coa acta de comprobación do replanteo. A tales efectos, dentro do prazo que se consigne no contrato que non poderá ser superior a un mes desde a data da súa formalización salvo casos excepcionais xustificados, o servizo da Administración encargada das obras procederá, en presenza do contratista, a efectuar a comprobación do replanteo feito previamente á licitación, estendéndose acta do resultado que será asinada por ambas as partes interesadas, remitíndose un exemplar da mesma ao órgano que celebrou o contrato.”

III.- Da comprobación do replanteo do proxecto, nos dous actos referidos nos antecedentes, resulta, a xuízo da dirección facultativa municipal e sen reserva algunha por parte da

contratista, a viabilidade do proxecto e a dispoñibilidade dos terreos, así como a cumprimento das esixencias que demoraron na comprobación inicial a autorización para o inicio das obras, polo que, de conformidade co artigo 139 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos de la Administraciones Públicas, o prazo para a execución do contrato empezou a contar desde o día seguinte á sinatura do anexo ao acta inicial.

IV.- O Órgano de Contratación do Concello de Vigo, de acordo coa disposición adicional 2ª. 3 TRLCSP, é a Xunta de Goberno Local

V.- Procede, daquela, dar traslado á Xunta de Goberno Local da acta de comprobación do replanteo do proxecto de obras de HUMANIZACIÓN DA RÚA MARQUÉS DE VALTERRA, e do seu anexo, de datas 15 de xaneiro e 23 de febreiro de 2016, respectivamente, que reflicten o resultado positivo da comprobación e determinan a data de inicio do prazo para a execución das obras.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Tomar coñecemento da acta de comprobación do replanteo do proxecto de obras de HUMANIZACIÓN DA RÚA MARQUÉS DE VALTERRA, e do seu anexo, de datas 15 de xaneiro e 23 de febreiro de 2016, respectivamente, que reflicten o resultado positivo da comprobación e determinan a data de inicio do prazo para a execución das obras.

A Xunta de Goberno Local queda informada.

15(390).- MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO - POSTOS DE PERSOAL EVENTUAL. EXPTE. 27612/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 14/04/16, dáse conta do informe-proposta do 28/01/16, do xefe de Organización e Planificación de RR HH, conformado pola xefa de área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

“O Pleno da Corporación Municipal, na súa sesión extraordinaria celebrada o 9 de decembro de 2015, aprobou con carácter definitivo o Orzamento Xeral do Concello para o exercicio de 2016, así como o do seu Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo e, que foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de 11 de decembro seguinte.

Respecto da situación do ano 2015, procedeuse a dotar dúas prazas de asesor/a de alcaldía (persoal eventual) e amortízase un posto de auxiliar eventual, seguindo as instrucións da Concellería-delegada de Área.

O conxunto documental que integra o Capítulo I do proxecto de Orzamentos Municipais para o exercicio económico 2016 contén así mesmo o documento económico do cadro de persoal orzamentario –competencia residenciada no Pleno ex artigo 123.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local- integrado por 1,459 prazas, das que 17 se corresponden a persoal eventual (1 director/a de Gabinete Técnico da Alcaldía, 1 secretario/a particular da Alcaldía, 1 Director/a de Prensa da Alcaldía, 8 asesores/as e seis auxiliares administrativo/as).

Non obstante, está pendente de aprobación a actualización da Relación de Postos de Traballo, cuxa aprobación compete exclusivamente á Xunta de Goberno Local con arranxo ás previsións do orzamento municipal, como así dispón o artigo 127.1.h) da citada Lei 7/1985, do 2 de abril.

No momento no cal esta se elabore deberá axustarse ás previsións económicas que para o Capítulo I estableza o cadro de persoal orzamentario aprobado polo Pleno (loxicamente sen prexuízo da utilización dos mecanismos de modificación orzamentaria legalmente previstos na lexislación específica en materia de Facendas Locais) incorporando tamén aqueles cambios de adscrición de postos de traballo que se poidan ter efectuado ou as modificacións puntuais da mesma.

A Relación de Postos de Traballo vixente na actualidade, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 20 de setembro de 2010, BOP de data 16/11/10 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade contén na actualidade, entre outros, seis prazas de asesor/a alcaldía eventual e sete postos de auxiliar eventual, mentres que o Cadro de Persoal orzamentario para o presente ano conta con oito asesores e seis auxiliares administrativos, polo que e necesaria a incorporación na RPT de dous novos postos de asesor en detrimento dun posto de auxiliar eventual que se atopaba vacante, aos efectos de que cada unha das prazas se corresponda cun posto na RPT.

A Relación de Postos de Traballo (RPT) é o instrumento técnico ao servizo da Administración Pública para a organización efectiva dos seus recursos humanos no uso que poida facer da súa autonomía e potestade de auto organización, debendo adaptala ás necesidades que lle esixe a prestación efectiva dos seus servizos públicos, aquela ten que responder a necesidades non só actuais senón reais da propia Corporación. Este proceso adaptativo esixe a posible modificación pola Corporación Local da RPT cando non responda ás esixencias que lle impón o deber dunha prestación eficiente dos servizos públicos mediante unha organización axeitada dos empregados públicos, debendo converterse nun instrumento dinámico e non estático ou pétreo; dinamismo e adaptación que se atopan amparadas polo arco da garantía constitucional da autonomía local, como expresión da potestade de auto organización consagradas no art. 140 CE e no art. 6.1 da Carta Europea de Autonomía Local (EDL 1988/10791).

Segundo recente xurisprudencia do Tribunal Supremo, as RPTs non son disposicións de carácter xeral, xa que carecen de rango regulamentario, considerándose polo tanto actos administrativos comúns.

Polo tanto, a Administración goza de iniciativa propia para modificar en calquera momento a RPT, como ocorre con calquera outra disposición de carácter xeral emanada da Corporación (neste caso, da Xunta de Goberno Local, órgano competente para a súa aprobación); en concreto, son frecuentes as modificacións puntuais tales como creación e supresión de postos de traballo como é o caso.

Segundo o disposto no artigo 37 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido 5/2015 da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, están sometidas á obrigatoriedade de negociación colectiva as decisións das Administracións Públicas que afecten ás condicións dos postos de traballo. Non obstante, e toda vez que se trata dun axuste as previsións do orzamento aprobado para o presente ano, enténdese que o contido desta proposta xa foi negociado no seu día coa representación sindical, polo que non está suxeito a negociación colectiva ao non afectar as condicións de traballo.

En canto a fundamentación xurídica para a realización das modificacións solicitadas, o Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do

Estatuto Básico do Empregado Público, no seu artigo "Ordenación dos postos de traballo" recolle que:

"Las Administraciones Públicas estructurarán su organización a través de relaciones de puestos de trabajo u otros instrumentos organizativos similares que comprenderán, al menos, la denominación de los puestos, los grupos de clasificación profesional, los cuerpos o escalas, en su caso, a que estén adscritos, los sistemas de provisión y las retribuciones complementarias. Dichos instrumentos serán públicos."

De conformidade co artigo 15 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, que define á Relación de Postos de Traballo (en adiante, RPT) como o instrumento técnico a través do cal se realiza a ordenación do persoal de acordo coas necesidades dos servizos e se precisan os requisitos para o desempeño de cada posto. O devandito instrumento é consecuencia directa da potestade de auto organización das entidades locais consignada no artigo 4 da Lei 7/1985, do 2 de agosto, Reguladora das Bases do Réxime Local, trasposta ao ámbito dos recursos humanos dos que dispoñen as Administracións Locais para o desenvolvemento das súas funcións, e concretado na posibilidade de configuración dunha organización de postos de traballo adaptada ás súas características e acorde coa finalidade esencial da adecuada prestación dos servizos públicos.

A modificación de RPT proposta pretende unicamente adecuar a RPT ao Cadro de Persoal Orzamentario aprobado para o presente ano, estando prevista na partida económica 912.0.110.00 retribucións persoal eventual do vixente orzamento aprobado.

Aos efectos de adecuar a Relación de Postos de Traballo vixente ao Cadro de Persoal Municipal vixente aprobado polo Pleno da Corporación, o concelleiro-delegado da Area de Xestión Municipal e Persoal en Instrución de Servizo de data 14/01/2016 ordenou ao Servizo de Recursos Humanos a tramitación do correspondente expediente administrativo, que posibilite o nomeamento de novo persoal eventual.

A referida modificación non representa modificación económica ningunha, xa que atópase reflectida no orzamento vixente correspondente ao ano 2016, independentemente de que proceda recabar o correspondente informe de fiscalización previo da Intervención Xeral.

O artigo 202 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, esixe o sometemento a información pública por un prazo de 20 días das RPTs e polo tanto das súas modificacións, con trámite de aprobación inicial similar ao existente para aprobación do Orzamento, transcorrido o cal a aprobación se elevará a definitiva de non formularse reclamacións, despregando efectos económicos e administrativos o presente acordo unha vez remate o período indicado

En consecuencia, vistas as consideracións e informe expostos e, de conformidade co establecido no artigo 127.1.apartados g) e h) da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e previo o preceptivo informe de fiscalización de conformidade co previsto no R.D. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese ao criterio da Xunta de Goberno Local, a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

"PRIMEIRO.- Modificar puntualmente a vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010 e rectificacións publicadas no BOP de 26/03/2012, 12/01/2012, 23/05/2012, 03/08/201218/09/2012, 27/02/2013 e,

08/05/2013, aos efectos de adecuar a mesma ao Cadro de Persoal para o presente ano 2016 aprobado polo Pleno da Corporación na súa sesión de 09/12/2015, no seguinte senso:

1.- Creación de dous postos de "Asesor/a Alcaldía eventual", Cód. Retributivo 904, cunhas retribucións para o ano 2016, de 30.380,84€ anuais en 14 mensualidades, no Gabinete da Alcaldía, cód. 101.

2.- Amortización dun posto de "Auxiliar Alcaldía eventual", Cód. Retributivo 902, cunhas retribucións para o ano 2016, de 21.710,08€ en 14 mensualidades, no Gabinete da Alcaldía, cód. 101.

3.- Redenominación dun posto de "Auxiliar eventual valedor", Cód. Retributivo 911, nun posto de "Auxiliar Alcaldía Eventual", cód. 902, cunhas retribucións para o ano 2016, de 21.710,08€ en 14 mensualidades, no Gabinete da Alcaldía, cód. 101.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao Gabinete da Alcaldía, Intervención Xeral, Servizo de Recursos Humanos, Planificación e Organización e, Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

TERCEIRO.- Acordar o sometemento a información pública por un prazo de 20 días do presente expediente de modificación puntual da RPT, en cumprimento do disposto no artigo 202 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, transcorrido o cal a aprobación se elevará a definitiva de non se formularse reclamacións, despregando efectos económicos e administrativos o presente acordo unha vez remate o período indicado."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(391).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DO CONCELLEIRO DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL E PERSOAL:

A) ENCOMENDA PROVISIONAL DE FUNCIONS A D. JOSÉ LUIS AMOEDO CABALEIRO, AXUDANTE DE OFICIOS DESTINADO NO TALLER DE VÍAS E OBRAS. EXPTE. 27978/220.

Dáse conta do informe-proposta do 22/04/16 da técnica de Avaliación e Formación de RR HH, conformado pola xefa da área de RR HH e Formación:

"En data 15/04/2016 o Concelleiro Delegado de Xestión Municipal e Persoal, a vista da solicitude asinadas polo Xefe do servizo administrativo e orzamentario da Area de Fomento, o enxeñeiro xefe de Vías e Obras e conformado polo Concelleiro delegado da Area, de data 08/04/2016, referente a necesidade de realizar atribución de funcións de auxiliar de admon xeral ou de auxiliar de servizos internos a D Jose Luis Amoedo Cabaleiro, axudante de oficios destinado no Taller de Vías e Obras, ordease a Area de Recursos Humanos a realización dos tramites administrativos necesarios para encomendar as funcións correspondentes ao posto de Codg Rtb 136 auxiliar de Servizos internos.

Considerando o disposto no artigo 73.2 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre

que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións.

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro de racionalización e sostenibilidade da Administración Local e a delegación efectuada en Decreto de data 19 de xuño do 2015 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal, ao Concelleiro Delegado da Área de Xestión Municipal, PROPONSE:

“Primeiro.- Encomendar provisionalmente a Jose Luis Amoedo Cabaleiro, axudante de oficios destinado no Taller de Vías e Obras, con N.P. 78823, as funcións correspondentes ao posto Codg retributivo 136 “Auxiliar de servizos internos”, co fin de garantir a adecuada prestación do servizo público, con carácter transitorio e sempre que resulten adecuadas a súa clasificación, grao ou categoría e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrita, como das características inherentes á praza da cal é titular, baixo a dirección da Concelleira da Área.

Segundo.- A presente encomenda terá carácter estritamente provisional e durará ata que se deixe sen efecto mediante acto administrativo posterior, ou ben ata a implantación de novas estruturas organizativas e funcionais, ou reestruturación de áreas e servizos a realizar no marco da potestade de autoorganización legalmente recoñecida ás Entidades Locais e en todo caso ata 31 de decembro do 2016.

Terceiro.- Da presente resolución, que xurdirá efectos a partires do seguinte día ao da súa notificación, dese traslado a interesada, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Comité de Persoal para coñecemento e efectos.

Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

O concelleiro-delegado de Xestión Municipal en data 22/04/16, resolveu de conformidade coa precedente proposta.

A Xunta de Goberno Local queda informada.

B) ENCOMENDA PROVISIONAL DE FUNCIÓNS A DNA. ALMUDENA CASAS GONZÁLEZ. EXPTE. 27977/220.

Dáse conta do informe-proposta do 22/04/16 da técnica de Avaliación e Formación de RR HH, conformado pola xefa da área de RR HH e Formación:

“En data 15/04/2016 o Concelleiro Delegado de Xestión Municipal e Persoal, a vista da solicitude asinada asinado pola Xefa de negociado e o Director de Gabinete da Alcaldía, referente a necesidade de realizar atribucion de funcions de auxiliar de admon xeral a D^a Almudena Casas Gonzalez, empregada deste Concello con praza e posto de Oficial Conserxe, toda vez que posue os coñecementos e a titulacion requerida para o desempeño de ditas funcions, ordea a

Area de Recursos Humanos a realización dos tramites administrativos necesarios para encomendar as funcións correspondentes ao posto de Codg Rtb 138 Auxiliar de Admón Xeral.

Considerando o disposto no artigo 73.2 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións.

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro de racionalización e sostenibilidade da Administración Local e a delegación efectuada en Decreto de data 19 de xuño do 2015 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal, ao Concelleiro Delegado da Area de Xestión Municipal, PROPONSE:

“Primeiro.- Encomendar provisionalmente a D^a Almudena Casas Gonzalez empregada deste Concello con praza e posto de Oficial Conserxe, con N.P.82094 as funcións correspondentes ao posto Codg retributivo 138 “Auxiliar de Admón Xeral”, co fin de garantir a adecuada prestación do servizo público, con carácter transitorio e sempre que resulten adecuadas a súa clasificación, grao ou categoría e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrita, como das características inherentes á praza da cal é titular, baixo a dirección da Concelleira da Área.

Segundo.- A presente encomenda terá carácter estritamente provisional e durará ata que se deixe sen efecto mediante acto administrativo posterior, ou ben ata a implantación de novas estruturas organizativas e funcionais, ou reestruturación de áreas e servizos a realizar no marco da potestade de autoorganización legalmente recoñecida ás Entidades Locais e en todo caso ata 31 de decembro do 2016.

Terceiro.- Da presente resolución, que xurdirá efectos a partires do seguinte día ao da súa notificación, dese traslado a interesada, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Comité de Persoal para coñecemento e efectos.

Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

O concelleiro-delegado de Xestión Municipal en data 22/04/16, resolveu de conformidade coa precedente proposta.

A Xunta de Goberno Local queda informada.

C) REASIGNACIÓN DE EFECTIVOS AO SERVIZO DE EDUCACIÓN DO CONCELLO DE VIGO E ATRIBUCIÓN TEMPORAL DE FUNCIÓNS DE DNA. M^a JOSÉ LOUREIRO BADA. EXPTE. 27912/220.

Dáse conta da Resolución do 18/04/2016, concelleiro-delegado de Xestión Municipal:

“Vistas as necesidades de desempeño das funcións de xefatura de servizo/unidade manifestadas pol Concellería-delegada da Área de Educación; e tendo coñecemento da ausencia de mando técnico superior no dito Servizo, foi ordenada por esta Concellería-delegada de Área a incoación de expediente para a reasignación de efectivos ao Servizo de Educación do Concello de Vigo, dispoñendo que con carácter urxente se procedese á atribución á funcionaria D^a M^a José Loureiro Bada, Xefa de asesoramento xurídico da Xerencia Municipal de Urbanismo, polo procedemento que legamente procedese e se estimase oportuno, das funcións propias de xefatura do Servizo de Educación do Concello, a fin de garantir a inmediata disponibilidad no dito Servizo da funcionaria indicada, que deberá encargarse temporalmente do exercicio da responsabilidade de xefatura do departamento indicado, ante a ausencia de mando detectada no mesmo, e sen prexuízo da reorganización interna do Servizo de Educación.

Visto o informe emitido pola Xefatura da Área de Recursos Humanos e Formación ao presente expediente, no cal literalmente se indica que:

“Vista a instrucción do servizo da Concellería-Delegada da Área de Xestión Municipal dictada no presente expediente, pola presente e nos termos do establecido no RD 2568/1986, do 28 de novembro, emítase o seguinte informe:

-A atribución temporal de funcións no ámbito indicado motívase nas necesidades do servizo apreciadas pola propia Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal, Persoal Administración Electrónica e Patrimonio no que respecta ao exercicio das competencias das cales é titular en materia de xestión municipal; debendo indicarse a este respecto que as funcións de xefatura do servizo de Educación en favor da funcionaria municipal D^a M^a José Loureiro Bada, persoal propio do Concello adscrita á XMU, axústase á natureza das prazas de técnico/a de Admón. Xeral, contemplándose tal posibilidade, con carácter xeral, no artigo 73.2 do RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, cando as necesidades do servizo así o requiran.

-na RPT vixente, segundo modificación puntual efectuada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30/12/2013 -expediente administrativo nº 24.707/220- existe un posto de traballo denominado “Xefe/a de educación” (cod 60 A1/A2 CD 26 CE 650) cuxas funcións non desenvolve ninguén ao atoparse en situación de vacante, motivo polo cal poden ser atribuídas temporalmente á funcionaria municipal proposta pola Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal.

Sen prexuízo do anterior, esta xefatura entende que debe procederse á reestructuración organizativa e funcional do servizo de Educación, debido fundamentalmente á desaparición do organismo autónomo EMAO e á súa integración no servizo de Educación do Concello o pasado 01/01/2016;

servizo que deberá asumir as obrigas derivadas da dirección da dita Escola, debido á situación de vacante do posto de Director/a da mesma e á ausencia de funcionario/a que se ocupe de tal función á data; todo o cal aconsella efectuar un análise e posterior racionalización de estruturas organizativas e funcionais, dado o exceso de persoal técnico no servizo, que integra ademáis o IME (de estar todos os postos cubertos, existirían 4 técnicos A1, contadas a dirección da EMAO e a xefatura do servizo de Educación, e 1 técnico A2) e dada a necesidade de ordenación interna do dito ámbito funcional.

-Como consecuencia do anterior, a dita atribución de funcións de xefatura deberá ter carácter estritamente temporal, sen incremento de retribucións asociado e baixo a dirección da propia Concellería-delegada da Área de Educación do Concello, debendo asignarse temporalmente as funcións de dirección da EMAO, dada a ausencia de funcionario/a encargado/a da mesma, tendo presente o horizonte organizativo exposto.”

Visto o marco legal do emprego público que con carácter básico establece o RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e en concreto o establecido no seu artigo 73; ao abeiro das competencias que en canto á xefatura do persoal municipal ostento por delegación efectuada en Decreto da Excm. Alcaldía de data 19/06/2015, así como aquelas delegadas pola Xunta de Goberno Local en acordo de mesma data, derivadas do establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, pola presente RESOLVO:

“Primeiro.- Atribuir temporalmente á funcionaria municipal D^a M^a JOSÉ LOUREIRO BADA, xefa de asesoramento xurídico da XMU e técnica de Admón. Xeral do Concello de Vigo, funcións de xefatura do servizo de Educación, incluída a responsabilidade de xefatura da EMAO, actualmente integrada no servizo indicado tras a supresión do organismo autónomo o pasado 31/12/2015 e a súa integración no Concello de Vigo o 01/01/2016, á vista das necesidades organizativas existentes no ámbito funcional de Educación e apreciadas por esta Concellería-delegada, sen incremento de retribucións.

Segundo.- Instar á Concellería-delegada de Educación para o estudo e análise da necesaria reestructuración organizativa e funcional do actual servizo de Educación, nos termos do indicado no informe da xefatura de Área de RRHH e Formación de data 15/04/2016, aos efectos de ser considerada por esta Concellería-delegada de Área.

Terceiro.- Dar traslado da presente resolución dese traslado ao interesado/a, Titular da Asesoría Xurídica Municipal, Interventor Xeral Municipal, Secretaría Xeral (Pleno, Xunta de Goberno Local, Administración Municipal); Xerencia Municipal de Urbanismo e persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación aos efectos que procedan.”

A Xunta de Goberno Local queda informada.

D) RENUNCIA PRESENTADA POR DNA. RUTH M^a GALLEGO SANTOS AO SEU NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS COMO AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL NO SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL. EXPTE. 27998/220.

Dáse conta do informe-proposta do 20/04/16, do técnico de Organización e Planificación de RR HH, conformado pola xefa de área de RR HH e Formación:

“Con data 15 de abril de 2016, tivo entrada a través do Rexistro Xeral solicitude presentada por D^a. Ruth María Gallego Santos (doc. 160048178), a través da cal renuncia con efectos do 21 de abril de 2016 ao seu nomeamento interino por acumulación de tarefas como auxiliar de administración xeral.

A interesada foi nomeada funcionaria interina por acumulación de tarefas con data 23/11/2015 por acordo da Xunta de Goberno Local de data 20 de novembro de 2015, como auxiliar de administración xeral.

De conformidade co previsto no art. 10 en relación co art. 64.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, o cese do persoal das administracións públicas producirase pola renuncia que deberá ser manifestada por escrito e aceptada expresamente pola Administración.

Por isto, no uso das competencias que a lexislación vixente en materia de réxime local atribúe á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, preceptuadas no art. 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e que en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal ostento o Sr. concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decreto da Alcaldía e en Acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2015, proponse a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada con data 15 de abril de 2016 por D^a. Ruth María Gallego Santos, con DNI 44.458.160-B, nº de persoal 83158, nomeada funcionaria interina por acumulación de tarefas como auxiliar de administración xeral, con efectos do día 21 de abril de 2016, de conformidade co previsto no art. 10 en relación co 64.1 Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Segundo.- A presente resolución notifíquese á interesada, Xefatura da Área de Benestar Social, Xefatura do Servizo de Benestar Social, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización, Negociado de Seguridade Social e Inspector de Persoal), e Intervención Xeral aos efectos da súa baixa na nómina municipal, debendo darse conta á Xunta de Goberno Local.

O concelleiro-delegado de Xestión Municipal en data 20/04/16, resolveu de conformidade coa precedente proposta.

A Xunta de Goberno Local queda informada.

17(392).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me/rs.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.